

A imaxe das mulleres reflectada pola prensa galega. O tratamento da violencia de xénero en *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego*

Montserrat Pernas Bellas e Ana Belén Puñal Rama¹

As mulleres foron, e aínda seguen a ser, protagonistas habituais da crónica rosa e da crónica negra da prensa en Galicia. Así se conclúe nunha investigación anterior a este traballo, baseada tamén na análise de contidos: “A imaxe da muller en *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego*. Unha historia de presencias e de ausencias” (1975-1999)². Neste longo período obsérvase que a presenza das mulleres como protagonistas informativas está vencellada maioritariamente con temáticas sociais e sucesos. A súa sobrerrepresentación nestes eidos contrasta coa deficitaria presenza noutros como a política, a economía ou o deporte.

Así segue a ser na actualidade, tal como puidemos constatar no traballo de investigación que serve de base para esta comunicación, baseado nunha análise de contido centrada en *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego*, nas semanas comprendidas entre o 15 e o 21 de decembro de 2003 e o 5 e o 11 de xaneiro de 2004. Fixemos, para este estudo, un reconto de todas aquelas informacións que tivesen ás mulleres como protagonistas, e botamos unha ollada máis polo miúdo a aquelas relacionadas con sucesos. O noso obxecto era afondar na imaxe sobre as mulleres reflectada nun dos contidos temáticos ós que elas aparecen xeralmente vencelladas, a crónica negra, deténdonos especialmente nos casos de violencia contra as mulleres, cuestión que nos últimos anos conseguiu introducirse nas axendas políticas e mediáticas.

O peso das mulleres na crónica negra fronte a outros contidos

No período analizado para este traballo seguen sendo as seccións de *Sucesos* e *Sociedade* as que fan máis referencia ás mulleres, tanto en *La Voz de Galicia* como en *El Correo Gallego*. En *La Voz de Galicia*, as noticias de *Sociedade* supoñen o 31,5% do total, mentres que en *El Correo Gallego*

é a área de *Sucesos* a que aglutina o 30,1% das informacións con presenza feminina. Constátase, sen embargo, que as mulleres van gañando terreo noutros campos temáticos como a política e a cultura (a miúdo asociado este último cos espectáculos e cun tono máis frívolo). Nunha análise máis profunda dedúcese que os medios de comunicación van por detrás do cambio social provocado pola incorporación da muller ós distintos ámbitos, lonxe de actuar como impulso desta transformación. Nótase, por exemplo, que a presenza da muller, como protagonista activa ou como obxecto informativo, segue a ser ínfima en ámbitos como a Economía e o Deporte. Vexamos as porcentaxes:

La Voz de Galicia

	1ª semana	2ª semana	Total	%
Sociedade	37	25	62	31,5
Política	20	15	35	17,8
Espectáculos	20	16	36	18,3
Sucesos	20	16	36	18,3
Economía	1	3	4	2
Deportes	1	5	6	3
Cultura	14	4	18	9,1
Total	113	84	197	100

El Correo Gallego

	1ª semana	2ª semana	Total	%
Sociedade	7	6	13	9,1
Política	17	12	29	20,3
Espectáculos	13	12	25	17,5
Sucesos	22	21	43	30,1
Economía	1	0	1	0,7
Deportes	6	8	14	9,8
Cultura	14	4	18	12,6
Total	80	63	143	100

Malia que nos últimos anos se produciu un incremento da presenza das mulleres na información política – dada a súa paulatina

incorporación real a este ámbito - a imaxe que se traslada nos medios continúa tinguida de tópicos, destacando aquelas cualidades coas que a sociedade patriarcal define tradicionalmente ó xénero feminino ou contribuíndo á súa ridiculización. Poñamos algún exemplo.

A nova titulada “España se ofrece a Jatami para trabajar por el acercamiento entre Irán y Washington” vai ilustrada cunha foto na que a ministra de Asuntos Exteriores, Ana Palacio, aparece cunha das afectadas do terremoto en Irán. A imaxe non reforza ningún dos ítems principais da información nin do titular, ó obviar a actividade política da protagonista e incidir nese aspecto máis íntimo, humano e compasivo co que tradicionalmente se asocia a imaxe pública das mulleres. Asimesmo, o artigo titulado “La gallega que más besa” fai referencia, non a unha información de vida social, senón á actividade política da ministra de Sanidade, Ana Pastor.

En eidos como o económico e o deportivo, tamén afloran os tópicos nas escasas ocasións nas que se fai referencia ó xénero feminino. Por exemplo, na última semana analizada en *La Voz de Galicia* dedícaselle unha información ós problemas laborais dos “médicos e enfermeiras” contratados polo SERGAS. ¿É que acaso a devandita problemática non afecta tamén ás médicas e ós enfermeiros? O emprego que se fai da linguaxe, aínda que de xeito inconsciente, delata as lentes que configuran a nosa visión da realidade, reforzando neste caso o tópico de certas profesións asociadas a un xénero, como a enfermería, ou agochando baixo o xenérico masculino a presenza das mulleres.

Crónica negra. A violencia contra as mulleres dentro da información de sucesos

O ámbito temático centrado nos *sucesos* aglutina a maior parte das informacións dedicadas á muller pero, dentro da crónica negra, ¿cal é o papel que ocupa a violencia contra as mulleres?

La Voz de Galicia

	1ª semana	2ª semana	Total
Violación	2	3	5
Malos tratos	4	1	5
Prostitución	2	0	2
Accidentes	2	2	4
Outros	7	12	19

El Correo Gallego

	1ª semana	2ª semana	Total
Violación	3	2	5
Malos tratos	2	3	5
Prostitución	1	0	1
Accidentes	3	8	11
Outros	2	10	12

As noticias que máis abundan neste ámbito adoitan ter como protagonistas a mulleres relacionadas con accidentes ou mortes, na maioría dos casos como vítimas, -tal é o caso de sinistros laborais, de tráfico, incendios, negligencias médicas, etc. - e destacan pola súa proximidade (a maioría encádranse dentro da sección *Galicia*). Tamén hai algún caso de violencia política, terrorista, e de mestura de crónica rosa e crónica de sucesos, como a investigación sobre a morte de Diana de Gales. No caso dos accidentes non se agochan tampouco os tópicos que rodean á imaxe da muller. Como exemplo, a noticia publicada en *El Correo Gallego*: “Una mujer sufre heridas al ser atacada por un jabalí”. No contido evidénciase unha maior fragilidade física da vítima por tratarse dunha muller, reforzando a súa condición de “sexo débil”, pero ¿é que acaso un home está en condicións de baterse fronte a fronte cun xabalí? Tamén se presenta como unha fazaña heroica a actuación dunha muller na noticia: “La empleada de un súper hace frente a un ladrón con una fregona”.

Respecto ás informacións sobre violencia contra as mulleres destaca, en primeiro lugar, a escasa relevancia que se lle conceden ós casos de malos tratos, fronte ó tratamento máis amplo que reciben as novas sobre violacións ou agresións sexuais, redactadas de forma máis sensacionalista e morbosa.

Nas dúas semanas analizadas contabilizamos cinco noticias sobre malos tratos en *La Voz de Galicia* e outras cinco en *El Correo Gallego* que aparecen, maioritariamente, baixo a forma de breves na sección de *Sucesos* ou *Al cierre*, dando a impresión de que se inclúen co único fin de “encher”. No primeiro dos xornais só aparece un caso cun tratamento máis extenso, de tres columnas: “Las víctimas de violencia doméstica tendrán asistencia jurídica gratuita”. Esta información non se centra nun suceso particular senón nas iniciativas que parten da Administración para solucionar o problema. Malia que isto pode parecer tremendamente positivo, bótase en falta a intervención doutros colectivos que tamén traballan nesta problemática e unha explicación máis pormenorizada dos recursos legais ós que poden acceder as mulleres que sofren “violencia doméstica”, segundo a expresión empregada polo xornal. Ó final, a información resulta ser mera propaganda institucional na que se destacan as declaracións do titular de Xustiza, Xesús Palmou.

Fronte á presenza destas agresións en breves, o tratamento é moito máis amplo cando a agresora é unha muller e a vítima un home. É o caso da noticia publicada en *La Voz de Galicia*: “Una mujer dispara con una escopeta de caza a su esposo en Asturias y después intenta suicidarse sin éxito”. O/A xornalista aplica unha das primeiras normas que se ensina nas facultades de xornalismo: a noticia non é que un can morda a unha persoa senón ó revés. Semella que o feito de que un home maltrate á súa muller, agás se se inclúen elementos morbosos, xa non é considerado como unha noticia de interese, dada a súa frecuencia. Esta habitualidade pode comprobarse na noticia de *El Correo Gallego*: “A morte en Madrid dunha muller cifra en 72 o número de vítimas”. No titular non se especifica que se trate de violencia de xénero pero, con só botarlle unha ollada, o lector intúe cal foi a causa da morte. A contextualización que se incorpora dentro da noticia é unha mera estatística do número de mortes nos últimos meses, sen referencias a fontes especializadas que expliquen a causa do aumento destes sucesos, pese a que semella existir unha maior sensibilización e rexeitamento social cara eles.

Porén, cando se trata de informacións sobre violacións e agresións sexuais o feito cobra maior relevancia informativa, dado o seu carácter escabroso. Se existise unha escala de percepción social dos delitos contra as mulleres, as agresións sexuais ocuparían o primeiro posto, sendo igual de rexeitables os malos tratos físicos, a tortura psicolóxica e/ou o asasinato. Novas como “Un acusado de agresión sexual llevaba a casa a sus víctimas tras asaltarlas”, “Juzgado por quemar los pechos de sus amantes con cigarrillos” ou “Violan y le pegan una brutal paliza a una mujer en un sucio caserón en Santiago” ocupan varias columnas ou incluso son noticia de portada, además de ir acompañadas de fotografía e dunha redacción onde abundan os adxectivos descritivos en clave morbosa. Nesta última información, o/a autor/a explota ó máximo o testemuño da vítima en dúas páxinas, a través dunha crónica e dunha entrevista. Percíbese un excesivo regodeo nos detalles e a ausencia dunha análise máis profunda do contexto que rodea á vítima: “bajó a la calle, desnuda, aterrada y sangrando, sin saber que hacer”. O/a xornalista fai referencias constantes ó ambiente de marxinalidade ó que pertencían tanto a vítima como o seu agresor e titula “Entre drogas, miseria y una condena” como se este tipo de sucesos fosen inherentes ós ambientes marxinais. Malia que pretende transmitir certa empatía coa protagonista, emprega expresións que poden ferir a súa dignidade ó explicar que “o suceso foi a comidilla nos bares da zona durante todo o día”. Finalmente, a información convértese nun mero relato dos feitos e da vida da vítima, alimentado con elementos morbosos, sen afondar na situación de desprotección social que padecen moitas mulleres en diferentes ámbitos. Constátase incluso unha diferenciación de clases entre as mulleres que sufren agresións segundo o seu nivel de recursos económicos. Semella que se establece unha clasificación simplista entre bos e malos, dependendo do contexto ó que pertencen as e os protagonistas. É o caso da información “Una lesionada por prácticas sadomasoquistas rectifica su acusación inicial durante el juicio” na que, pese a admitir que se produciron esas lesións, semella que a súa condición de prostituta leva implícito ter que soportar malos tratos.

Pero, ¿a que se debe esta diferenza de interese informativo entre as agresións sexuais e os malos tratos? Responder a esta cuestión requiriría unha investigación centrada, non só nos contidos, senón tamén no contexto da produción informativa e nas relacións que se establecen entre estes dous ámbitos. O que si se constata é que os casos de malos tratos non abandonaron completamente o ámbito do privado dentro da percepción social e, polo tanto, tamén da mediática. Destaca tamén que boa parte das informacións sobre violacións e agresións sexuais están relacionadas con procesos xurídicos, mentres que as de malos tratos só se centran nese episodio concreto de agresión, o que contribúe a transmitir a idea de impiedade para o agresor, limitando aínda máis a capacidade de resposta das vítimas. É o caso das noticias “Un hombre que padece impotencia es condenado a siete años de cárcel por intentar violar a su nuera” ou “Primera condena en Francia por el uso de la droga de los violadores”. Os casos de malos tratos nunca aparecen asociados a medidas punitivas, o que exemplifica que seguen reclusos ó ámbito privado, sen recibir o tratamento dun problema público e político que afecta ás estruturas do sistema social de base patriarcal no que vivimos.

A imaxe do agresor e das vítimas. Estereotipos que se reproducen

¿Como percibe a audiencia ós agresores e ás vítimas a través dos medios? Nos manuais sobre o correcto tratamento informativo dos malos tratos insístease na necesidade de eliminar unha práctica moi frecuente neste tipo de contidos, a introducción de comentarios en certo modo exculpatorios ou amables respecto ó agresor, á vez que se culpabiliza dalgún xeito á vítima. Tal como indica Pilar López Díez (López Díez: p. 9) citando a Meyers:³

“a representación que se elabora acerca da violencia masculina contra as mulleres culpa á vítima e constrúe unha representación do asasino como vítima e da morte da muller como unha consecuencia lóxica da súa actuación ‘desviada’.”

No manual da Unió de Periodistas Valencians, *Noticias con lazo blanco*, indícase que:

“os malos tratos non son produto dun feito paixonal, sentimental ou de ciúmes. Son crimes, asasinatos, homicidios ou intentos de..., é dicir, delitos. E como tales, deben constar na información se se quere veraz e obxectiva”⁴.

¿Qué imaxes ofrece a prensa galega dos agresores e das vítimas? Poñamos como exemplo as noticias xa mencionadas: “Juzgado por quemar los pechos a sus amantes” e “Un acusado de agresión sexual llevaba a casa a sus víctimas tras asaltarlas”. No primeiro caso insístease en que o acusado, segundo o fiscal, contaba co consentimento das vítimas, que o denunciaron por “despeito”, tal e como se subliña nun destacado. Na outra nova o xornalista destaca a actitude de cabaleirosidade do agresor (no antetítulo recóllese que “las llevaba a sus domicilios tras amenazarlas con un cuchillo y masturbarse frente a ellas” e no corpo explícase que “cuando lo investigaron comprobaron que con sus víctimas actuaba con una gran *caballerosidad*”). Os estereotipos que se transmiten van asociados á cabaleirosidade do agresor e ó consentimento das vítimas. Tamén no caso da información sobre a vítima número 72 do maltrato sexista en España durante 2003, o/a xornalista describe os feitos a partir das declaracións do propio agresor xustificando “que perdeu o control da situación”. Ofrécese así unha imaxe deturpada da violencia contra a muller, apenas se aborda o seu contexto social e familiar e prímase máis o sensacionalismo que a intención de transmitir con trazos fieis unha problemática social deste calado, que afecta ós propios alicerces do sistema patriarcal.

Crónica de sucesos versus problema social

As informacións sobre a violencia contra as mulleres redúcense ó mero relato dun suceso, como un episodio máis, disperso e inconexo, da crónica negra. En só dúas

ocasións se aborda o tema en *La Voz de Galicia* desde outras perspectivas, como a política, a xurídica, a sociolóxica, a psicolóxica, etc. Estes son os exemplos:

- “Violencia doméstica. Sólo el 18% de las víctimas quieren que los maltratadores vayan a prisión”. Son datos dun informe do Instituto Andaluz de Criminoloxía no que se evidencia que, na maioría dos casos, é a dependencia económica que sofren as mulleres con respecto ós seus agresores o que motiva que non se atrevan a denuncialos. Pero esta circunstancia, que podería resultar definitiva, non protagoniza o interese informativo da nova, senón que se relega ao corpo da noticia: un breve de seis liñas sen apoio gráfico. Mentres, o titular esfórzase por transmitir a idea de *comprensión e complicidade* das vítimas cos seus agresores, cando esta afirmación hai que interpretala desde o prisma da opresión e submisión que padecen as vítimas de violencia de xénero.

- “Las víctimas de violencia doméstica tendrán asistencia jurídica”. Neste caso a protagonista da información é a Consellería de Xustiza que impulsa unha quenda específica para que os avogados presten asesoramento gratuíto ás vítimas de “violencia doméstica”. Sorprende que se trate só en páxinas da edición de Santiago, marxinando deste xeito ó resto de mulleres de Galicia interesadas nesta información.

Xéneros empregados e niveis de información

O tratamento xornalístico que reciben os sucesos nos que se ven implicadas mulleres responden a un nivel exclusivamente informativo, que dá resposta ós ítems básicos: quen, que, cando e onde. En ningún caso se utilizan xéneros interpretativos (nos que se incida no contexto, no como e no porqué dos feitos), nin entrevistas (ou ben ás propias mulleres afectadas ou a especialistas). Tan só dous editoriais de *El Correo Gallego* recollen esta problemática, un deles dedicado ó conflito laboral que se orixinou tralo despido da directora da Casa de Acollida para mulleres maltratadas de Santiago (significativo é que no tratamento informativo deste acontecemento noticioso, o xornal non lle tivese concedido o dereito a opinar ás

propias mulleres aloxadas na casa de acollida, senón que foron fontes exclusivamente políticas, sindicais e/ou xurídicas as referenciadas). O outro editorial constitúe un bo exemplo da actitude crítica e combativa que deben adoptar os medios ante este tipo de sucesos, ó igual que fronte ó terrorismo, os xenocidios ou o racismo, que supoñen un ataque á liberdade individual das persoas. Refírese á noticia xa enunciada da violación que sufriu unha veciña de Santiago.

Un tratamento informativo adecuado da violencia contra as mulleres debería combinar a perspectiva de xénero (que permite visualizar a problemática específica das mulleres dentro dos medios de comunicación) coa óptica da especialización, abordando este asunto desde unha perspectiva multidisciplinar.

Sección. O factor da proximidade.

As informacións sobre violencia contra a muller aparecen maioritariamente nos dous xornais analizados na sección *Galicia*, na subárea de Sucesos, o que amosa unha vez máis como, no tratamento informativo da violencia contra as mulleres, se lle dá prioridade ó enfoque relacionado coa crónica negra, esquecendo a súa elaboración desde outras perspectivas, como a social ou a política. Mentres que en *La Voz de Galicia* este tipo de noticias son levadas á portada do xornal en oito ocasións, en *El Correo* hai cinco novas que aparecen na primeira páxina. O feito de que figuren maioritariamente en *Galicia* ou nas edicións locais serve para buscar unha maior empatía co lector.

Fontes da información

Neste tipo de informacións, as fontes máis frecuentes son de carácter xudicial e testemuñal (veciños e familiares dos protagonistas), sobre todo nas referencias a violacións e agresións sexuais, debido á súa inclusión na crónica de tribunais e non exclusivamente na de *Sucesos*. Nas noticias sobre malos tratos, as fontes acostuman a ser policiais. Destaca, en todo caso, a ausencia da voz das afectadas, que se debe á desidia do/a xornalista á hora de contactar con elas, e non a unha intención de preservar a súa

intimidade, como se podería pensar. Cando contan co seu testemuño directo exprémeno ó máximo e aprotéitanse dos detalles máis morbosos, como no caso da narración que fai a vítima da violación producida en Santiago e publicada en *El Correo Gallego*.

¿Neutralidade?

A maioría das noticias que se refiren á violencia contra as mulleres están construídas cun ton de neutralidade. As e os xornalistas limítanse a explicar de forma aséptica os feitos, a partir da versión que facilitan as fontes policiais. No entanto, ¿ata que punto é obxectiva a realidade que reproducen? Ó destacar uns contidos e obviar outros, a prensa actúa como un espello deturpado da realidade en base a criterios como o sensacionalismo. Ante esta problemática todos os manuais de xornalismo sobre violencia contra as mulleres aconsellan tomar partido, como é o caso do elaborado pola Unió de Periodistas Valencians⁵:

“Invitámosvos a tomar partido, sen faltar á veracidade e sen escamotear ningún dato, pero coas ideas moi claras de que hai que manifestar sen ambages a repulsa cara ós malos tratos, cara ós que os infrinxen e cara ás verdadeiras causas que os provocan(...) Cremos que á hora de informar non nos podemos situar nun punto equidistante entre vítima e verdugo, porque senón estaremos dándolle carta de lexitimidade ó crime e ó terror”.

Tratamento lingüístico e vitimización

Nos dous medios analizados nótase unha tendencia a etiquetar de xeito común a información sobre malos tratos, á vez que se mesturan os conceptos de “violencia de xénero” e “violencia doméstica” para encabezar algunha das informacións. Porén, a denominación “violencia doméstica” ofrece unha visión reducida da violencia contra as mulleres, xa que este tipo de agresións superan o ámbito do privado para reproducirse noutros como o laboral, o político, o educativo... Pola súa banda, o

concepto “violencia de xénero” contribúe a agochar unha realidade na que, agás casos excepcionais, o agresor é home e a agredida muller. Por iso, expertas neste ámbito como Pilar López Díez optan claramente pola denominación “violencia masculina contra as mulleres”.

Na maioría dos casos, a muller aparece como vítima nas informacións dos medios de comunicación, cun tratamento que roza o paternalismo. Tal como se indica en “Comunica igualdade a través da imaxe. A imaxe das mulleres nos medios de comunicación”:

“os mass-media reproducen a situación de discriminación do colectivo feminino recorrendo en demasiadas ocasións á súa vitimización. É frecuente presentar a muller como ser que padece: enfermidades, violencia de xénero, abusos e explotación... ata chegar ó punto de que a maior parte das informacións nas que a muller é protagonista fan referencia a sucesos ou a enfermidades”.⁶

Necesidade de divulgar boas prácticas informativas

Pese ó incremento da sensibilización social ante este problema, segue botándose en falta no discurso mediático unha reflexión sobre os motivos xeneralizados da violencia de xénero, exercida non só no ámbito familiar, laboral ou social senón incluso polos propios gobernos e sistemas xudiciais. Os medios deben contribuír a denunciar que esta violencia non existe sen que se dean estruturas de poder (o mantemento do sistema patriarcal) e relacións de posesión e non de liberdade entre as persoas. Na prensa abunda o discurso de igualdade ante a lei, un discurso, porén, que non é real.

Cómpre que os/as xornalistas galegos/as contén cunhas directrices para o tratamento máis axeitado deste tipo de informacións. Bos exemplos do realizado no ámbito estatal son os manuais *Como tratar bien a los malos tratos*⁷ do Instituto Andaluz da Muller, *Notícies amb llaç blanc*, da Unió de Periodistes Valencians, o decálogo de

recomendacións aos medios elaborado por IORTV (Instituto Oficial de Radio e Televisión) no 2002 e outras iniciativas que proliferaron, sobre todo, no 2004. Tal é o caso do *Calendari 4/5. Recomanacions sobre el tractament de la violència de gènere als programes informatius i d'entreteniment en els mitjans de comunicació*, presentado polo Colexio de Periodistas catalán, o decálogo suscrito polo Sindicato de Periodistas balear e o Instituto da Muller ou o estudio *Mujer publicada, mujer maltratada* (editado polo Instituto Navarro da Muller)⁸. En Galicia contamos cunha asociación de mulleres xornalistas (MUGACOM), cun Colexio Profesional de Xornalistas e, aínda que non existe un Instituto da Muller, a Administración galega dispón, no seu defecto, dun Servicio Galego de Igualdade, que forma parte da Consellería de Familia. Dende o SGI téñense organizado nos últimos anos varias xornadas sobre xénero e comunicación, así como

editado algunha publicación sobre a imaxe das mulleres que se reflicte nos medios, como *Linguaxe non discriminatoria nos medios de comunicación*⁹ e *Comunica igualdade a través da imaxe. A imaxe das mulleres nos medios de comunicación*. Sería aconsellable que estas institucións elaboraran un código deontolóxico no que se resumise un tratamento ético para as informacións sobre violencia contra as mulleres e se dotasen dos mecanismos necesarios para a observación e vixilancia do seu cumprimento.¹⁰

Pero non só as institucións deben facer un esforzo. Empresas de comunicación e xornalistas tamén teñen que contribuír a través da súa actividade informativa a erradicar este problema. Neste senso, destacan positivamente iniciativas como a de *El País* que procura dedicarlle ós malos tratos un par de editoriais ó mes, un xeito de tomar partido de forma crítica e construtiva, ben diferente ó que vén sendo habitual ata agora na prensa galega.

Bibliografía

Lledó Cunill, Eulalia, *Cómo tratar bien a los malos tratos*, Instituto Andaluz de la Mujer, RTVA Grupo, Junta de Andalucía, 1999

López Díez, Pilar, “La representación de violencia masculina contra las mujeres en los medios de comunicación”, en”<http://mujeres.usal.es/data/core/archivos/autoridad.doc>.

Fernández Díaz, Natalia, *La violencia sexual y su representación en la prensa*, Barcelona, Anthropos, 2003.

Servicio Galego de Igualdade, *Linguaxe non discriminatoria nos medios de comunicación*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. Servicio Galego de Igualdade, 2000

Servicio Galego de Igualdade, *Comunica igualdade a través da imaxe. A imaxe das mulleres nos medios de comunicación*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. Servicio Galego de Igualdade, 2002

MUGACOM, *A presenza das mulleres na información dos diarios galegos* (sen publicar), 1999.

Puñal Rama, Ana Belén: *A imaxe das mulleres reflectida por La Voz de Galicia e El Correo Gallego. Unha historia de ausencias e de presencias, (1975-1999)* (sen publicar), Santiago de Compostela, 2001.

Unió de Periodistes Valencians, *Noticias con lazo blanco. Manual para periodistas sobre la violencia doméstica*, Valencia, Unió de Periodistas Valencians, 2002

VV. AA., *Mujer publicada, mujer maltratada. Libro de estilo para informar en los medios de comunicación sobre la mujer*, Nafarroa, Instituto Navarro de la Mujer, 2004

² Trátase dun traballo de investigación titulado, sen publicar, presentado na Facultade de Ciencias da Comunicación en setembro de 2001. Pode ser consultado na biblioteca de dita Facultade.

³ López Díez, Pilar, “La representación de violencia masculina contra las mujeres en los medios de comunicación”, en” <http://mujeres.usal.es/data/core/archivos/autoridad.doc>.

⁴ Unió de Periodistes Valencians, *Noticias con lazo blanco. Manual para periodistas sobre la violencia doméstica*, Valencia, Unió de Periodistas Valencians, 2002, p.24

⁵ Unió de Periodistes Valencians, *Noticias con lazo blanco. Manual para periodistas sobre la violencia doméstica*, Valencia, Unió de Periodistas Valencians, 2002, p. 20

⁶ Servicio Galego de Igualdade, *Comunica igualdade a través da imaxe. A imaxe das mulleres nos medios de comunicación*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. Servicio Galego de Igualdade, 2002, p.34

⁷ Lledó Cunill, Eulalia, Eulalia, *Cómo tratar bien a los malos tratos*, Instituto Andaluz de la Mujer, RTVA Grupo, Junta de Andalucía, 1999

⁸ VV.AA., *Mujer publicada, mujer maltratada. Libro de estilo para informar en los medios de comunicación sobre la mujer*, Nafarroa, Instituto Navarro de la Mujer, 2004

⁹ Servicio Galego de Igualdade, *Linguaxe non discriminatoria nos medios de comunicación*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. Servicio Galego de Igualdade, 2000

¹⁰ Con posterioridade á presentación desta comunicación, en abril de 2004 en Covilhã, o Observatorio Galego dos Medios, creado ao amparo do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG), organizou as xornadas “Medios de Comunicación e Violencia contra as mulleres” (Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2004). Representantes de varios medios de comunicación e entidades diversas relacionadas coa defensa dos dereitos da muller aprobaron a Declaración de Compostela, un documento que recolle unha serie de recomendacións aos medios de comunicación para a mellora do tratamento informativo da violencia contra as mulleres. Pode ser consultado na propia web do CPXG (www.xornalistas.com). Tamén desde o Servicio Galego de Igualdade se está a estudar a elaboración dun conxunto de recomendacións aos medios para a cobertura deste ámbito temático.

¹ Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Ciencias da Comunicación.